

MATERIA

Xestión e Lexislación de Patrimonio Histórico-Artístico

TITULACIÓN

Grao de Historia da Arte

unidade  
didáctica  
1

# Patrimonio e institucións

**Begoña Fernández Rodríguez**

Area de coñecemento Historia da Arte

Departamento de Historia da Arte

Facultade de Xeografía e Historia

unidadesdidácticas  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**DESCATALOGADO**

© Universidade de Santiago de Compostela, 2013



Esta obra atópase baixo unha licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón:

<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/es/legalcode.gl>

**Deseño e maquetación**

J. M. Gairí

**Edita**

Vicerreitoría de Estudiantes,  
Cultura e Formación Continua  
da Universidade de Santiago de Compostela  
Servizo de Publicacións  
da Universidade de Santiago de Compostela

ISBN

978-84-15876-52-6

**MATERIA: Xestión e Lexislación de Patrimonio Histórico-Artístico**

**TITULACIÓN: Grao de Historia da Arte**

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

**Unidade I. Patrimonio e Institucións**

Os organismos supranacionais

Os consorcios, fundacións e asociación

Os institutos e centros de investigacións

**Unidade II. Patrimonio e normativa**

A importancia da protección

A normativa internacional

A lexislación nacional

**Unidade III. Patrimonio e sociedade**

O patrimonio como recurso

A difusión patrimonial

Patrimonio e turismo

## ÍNDICE

---

### PRESENTACIÓN)

#### Os obxectivos

#### Os principios metodolóxicos

#### Os contidos básicos

1. Os organismos internacionais
2. As fundacións, os consorcios e as asociacións
3. Os institutos e centros de investigación

#### Actividades propostas

#### Avaliación da unidade didáctica

#### Bibliografía

## PRESENTACIÓN

Esta unidade denominada Patrimonio e Institucións, de seis horas de duración, forma parte da materia do Grado de Historia da Arte G5011328 Xestión e lexislación de Patrimonio Histórico-Artístico, materia obrigatoria de terceiro curso, que se imparte no segundo cuadrimestre e que conta cunha carga docente de 6 créditos ECTS, o que lle supón para o alumno un total de 150 horas de traballo.

Para unha mellor comprensión dos seus contidos recoméndase que o alumno supere a materia de Concepto e Teoría do patrimonio cultural, materia obrigatoria do primeiro cuadrimestre deste mesmo curso. Igualmente recoméndase que o alumno se matricule tamén da materia de Museoloxía e Museografía, que se imparte tamén no mesmo curso e cuadrimestre, o que lle permitirá ter unha visión global do patrimonio cultural e dos mecanismos utilizados na xestión e lexislación existente para os bens patrimoniais.

Os contidos desta materia estrutúranse en tres grandes módulos, sendo o de Patrimonio e Institucións o primeiro, polo que funciona cun carácter introdutorio para o alumno, e serve para o establecemento dos rudimentos básicos da xestión patrimonial.

Módulo I	Patrimonio e Institucións	Os organismos supranacionais Os consorcios, as fundacións e asociacións Os institutos e centros de investigación
Módulo II	Patrimonio e normativa	A importancia da protección A normativa internacional A lexislación nacional O Patrimonio como recurso
Módulo III	Patrimonio e sociedade	A difusión patrimonial Patrimonio e turismo

Con esta unidade trátase de realizar un achegamento a aquelas institucións ou organismos que, tanto a nivel supranacional como nacional ou local, se encargan de velar pola tutela efectiva no campo do patrimonio cultural, así como de garantir a preservación e conservación para facilitar o seu uso polas xeracións futuras.

Esta unidade atopa a súa razón de ser en que permite aproximar ao alumno ao campo da xestión desde o punto de vista das institucións ou organismos tanto de carácter público como privados. Igualmente a misión desta unidade no conxunto da materia é axudar a comprender o papel que desde o punto de vista social debemos de xogar na protección do patrimonio, non só desde o punto de vista da tutela, senón tamén desde o da súa posible utilización.

Igualmente con ela preténdese realizar unha aproximación aos organismos encargados de realizar as diferentes normativas para favorecer o uso social do patrimonio, fundamental nunha sociedade como a contemporánea.

## OS OBXECTIVOS

---

### Xerais

1. Comprender a importancia das institucións no campo do patrimonio cultural.
2. Analizar as distintas formas de participación da sociedade na tutela do patrimonio.
3. Coñecer as fontes da xestión patrimonial desde o campo da Historia da Arte.
4. Entender os conceptos teóricos da xestión patrimonial e a súa posible aplicación práctica.

### Específicos

1. Coñecer e distinguir os elementos característicos e definidores das principais institucións .
2. Clasificar por importancia as principais institucións do patrimonio
3. Identificar o papel que as institucións xogan na tutela do patrimonio cultural

Con estes obxectivos específicos o alumno poderá cumprir en boa parte os xerais, da materia, especialmente os obxectivos números un e dous, xa que será capaz de valorar e comprender o papel das institucións ao tempo que o da sociedade, como última responsable da tutela dos bens patrimoniais

## OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

---

Na metodoloxía desta unidade seguirase un esquema no que se combinan as exposicións do profesor, co traballo individual e en grupos reducidos dos estudantes, así como a posta en común ante o gran grupo clase. Todo isto levarase a cabo seguindo unha estratexia de resolución de problemas nas que o coñecemento teórico e práctico debe de mobilizarse para dar respostas fundadas ás preguntas que se formulan como problemas de coñecemento. Non se trata de acumular grandes cantidades de información, senón de manexala para dar resposta aos problemas que se formulan, co que se aumenta a autonomía dos estudantes e o desenvolvemento dunha actitude crítica.

Para desenvolver esta metodoloxía de traballo, o material que contén a información básica da materia estará dispoñible na Aula virtual da USC. As sesións de clase seguirán, tal e como figura na Memoria de Grao, a seguinte división:

Docencia expositiva, son as realizadas cun grupo numeroso (80 alumnos) e destinadas a facer a presentación da información básica dos temas por parte do profesor seguindo un tipo de docencia maxistral, na que o profesor recorrerá tanto a presentacións como a calquera outro material que lle permita ilustrar os contidos teóricos. Estas clases presentan a vantaxe de que introducen ao alumno nos

diferentes temas, á vez que se establecen en marco de referencia para a realización das actividades que se desenvolven na docencia interactiva. Esta unidade conta con dúas sesións de dúas horas cada unha de docencia expositiva.

Docencia práctica/interactiva. Realízanse a diferenza das anteriores con grupos de tamaño medio (35-40 alumnos); son as destinadas a afianzar os coñecementos adquiridos nas clases expositivas, á vez que a favorecer o proceso de aprendizaxe dos alumnos por medio do desenvolvemento de diversas actividades que poden ser realizadas de forma individual ou en grupos reducidos seguindo as indicacións da profesora e tendo como punto de partida os materiais complementarios dispoñibles no aula virtual. Ao igual que no caso anterior, deste tipo de docencia práctica/interactiva, está previsto nesta unidade dúas sesións, neste caso dunha hora de duración cada unha delas.

Para facilitar o desenvolvemento destas actividades hai que ter en conta que o alumno dispoñerá de sesións de titorías, que ben realizadas en grupos pequenos ou de forma individual, sirvan de axuda para a consecución das distintas actividades ou para a aclaración daqueles aspectos que resulten máis confusos no proceso de aprendizaxe.

Paralelamente nesta unidade, o alumno tamén debe de realizar unha serie de actividades non presenciais (estudo autónomo do tratado nas clases presenciais, lecturas recomendadas, resolución de problemas...) que forman parte do traballo autónomo e que deben de resultar complementarias ás realizadas de forma presencial

## **OS CONTIDOS BÁSICOS**

---

### **Introdución**

Coa irrupción, adopción e xeneralización do termo de ben cultural vanse a detectar nestas primeiras décadas do século XX, unha maior implicación social, non só na conservación, tutela ou a protección de bens senón tamén na participación sociedade, protagonizada por actuacións das Administracións públicas ou pola propia participación cidadá. É esta realidade a que leva que nos primeiros anos da pasada centuria se produza unha dualidade nos ámbitos de tutela sobre os bens patrimoniais: por unha banda as tarefas institucionais e por outro os criterios normativos

Desde o punto de vista das institucións e organismos internacionais e nacionais- relacionados coa protección patrimonial, son múltiples os que se dedican á protección e defensa do patrimonio cultural. Estes basicamente aparecen nos primeiros anos do século XX e son unha resposta consensuada a desastres ou conflitos bélicos que marcan a primeira metade do século XX. Estes acontecementos puxeran en perigo a conservación dos bens patrimoniais, que eran considerados a raíz das consecuencias da Revolución francesa como un patrimonio de dominio público e accesible a todos os cidadáns para o seu goce e educación, marco que vai servir de referencia na maioría dos países europeos. De feito os diferentes estados comezan a ditar as primeiras normas para a protección do patrimonio e crean as

primeiras institucións encargadas de conservar os bens patrimoniais. Dáse así orixe á xestión do patrimonio baseado nunha estrutura administrativa

## 1. Os organismos internacionais

Dentro das institucións con este carácter internacional a primeira é a Sociedade de Nacións (SDN). Este organismo foi creado trala primeira guerra mundial polo Tratado de Versalles, e entre as súas razóns está a de preservar a paz e prever os horrores da guerra establecéndose a súa sede en Xenebra, cidade na que se realiza a primeira reunión. A súa vixencia como institución internacional mantense en vigor ata a segunda guerra mundial, en concreto ata 1946, ano no que vai ser substituída pola Organización de Nacións Unidas (ONU).

Esta estruturábase nunha serie de organismos: Comisión Internacional de Cooperación Intelectual, que tiña entre as súas misións favorecer as relacións entre os diferentes países, en materia de arte, educación e creación. Dela dependían dúas institucións de carácter administrativo Oficina Internacional de Museos (ela foi a que preparou a chamada Conferencia de Atenas) e o Instituto de Cooperación Internacional.

Un dos éxitos máis brillantes da SDN no campo do Patrimonio, é a salvagarda das obras do patrimonio español como consecuencia da Guerra Civil.

Como consecuencia da Segunda Guerra Mundial, e unha vez acabada, coa redacción da chamada Carta de San Francisco, créase o 26 de xuño de 1945 a Organización de Nacións Unidas (ONU) que conta coa súa sede en Nova York. Desde 1945, a ONU contaba xa coa Organización de Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO), organización con sede en París.

Esta ten entre os seus obxectivos propiciar a conservación do patrimonio cultural e natural. Para cumprir cos seus obxectivos conta con organizacións internacionais, non gobernamentais, Entre elas destacan:

1. O Consello Internacional de Museos (ICOM), herdeiro da Oficina Internacional de Museos da SDN. É a organización internacional dos Museos e profesionais que ten como misión conservar e transmitir á sociedade o patrimonio cultural e natural

2. O Consello Internacional de Monumentos e Sitios (ICOMOS), que xurdiu tralo II Congreso de Arquitectos e Técnicos de Monumentos históricos, (Venecia, 1964). Agrupa a profesionais da conservación e a institucións. O seu prestixio vén conferido polo seu papel asesor nas inscricións na lista de Patrimonio Mundial. Entre os seus obxectivos están:

- Crear un espazo de diálogo e intercambio de experiencias profesionais
- Reunir e difundir información sobre as políticas de conservación, así como a normativa
- Potenciar a colaboración para a creación de centros de documentación
- Impulsar a aplicación da normativa no ámbito do patrimonio arquitectónico
- Participar na elaboración de programas de formación para persoal especializado



- Poñer ao servizo da comunidade internacional unha rede de especialistas.

Dentro de ICOMOS hai grupos especializados como son: ICAHM (Consello Internacional para a Xestión do Patrimonio Arqueolóxico, creado en 1990

3. O Centro Internacional de Estudos para a Conservación e Restauración de Bens Culturais (ICCROM), organización con sede en Roma. Desde o seu fundación desenvolveu un labor formativo dos profesionais. Entre os seus obxectivos destacan:

- Difusión de documentación relacionada con problemas técnicos e científicos.
- Coordinación e promoción da investigación.
- Formación dos profesionais
- Apoio á elaboración e normas para a restauración

Igualmente tamén é necesario sinalar a Organización de Cidades de Patrimonio Mundial (OCPM) en torno á que se agrupan as cidades que foron declaradas patrimonio da Humanidade, sendo un dos primeiros obxectivos a formación de xestores municipais, así como os seus esforzos por evitar que as cidades patrimonio da humanidade poidan ser declaradas obxectivos militares.

Entre os éxitos da UNESCO nas súas actuacións no campo do Patrimonio, pódese mencionar as actuacións emprendidas nos anos 60 de salvaguarda e protección dos templos exipcios como consecuencia da construción da presa de Assuam ou o proxecto de salvación de Venecia.

Outro organismo de características semellantes, pero cun plano máis restrinxido a nivel xeográfico é o Consello de Europa, que nace en 1949 e ten a súa sede en Estrasburgo. Foi fundado para promover a unión dos países do continente europeo, e ten entre os seus obxectivos a defensa dos ideais e principios europeos, o progreso económico e social. España é membro de pleno dereito desde 1977, aínda que con anterioridade participaba xa en temas relacionados co campo do patrimonio, especialmente no campo da protección e posta en valor dos monumentos. Este organismo estrutúrase en dous Órganos: o Comité ou Consello de Ministros, que agrupa a representantes de cada un dos países que o integran e a Asemblea Parlamentaria, formada polos representantes dos parlamentos dos Estados membros

Entre as súas actuacións máis destacadas cabe sinalar as *confrontations*, *simposia* ou debates dedicados a temas de conservación que se celebran en distintas cidades de Europa, os convenios, como o asinado en 1969, para a protección do patrimonio arqueolóxico, o apoio e impulso á Conferencia do Comité de Ministros e Sitios do Consello de Europa e a organización do ano europeo do Patrimonio arquitectónico de 1975 .

A terceira das institucións é a Unión Europea, cuxo labor se centra na solución dos problemas sociais e económicos que suscita a actividade cultural, ben a través dos Marcos comunitarios de apoio (MCA), ben a través dos traballos de financiamento de conservación, restauración ou rehabilitación ou a dotación de becas de formación, ben con declaracións institucionais como as que figuran na Resolución de conservación de obras de arte e obxectos de interese cultural e histórico, de 1986 ou no art. 128 do Tratado de Maastrich.

## 2. As fundacións, os consorcios e as asociacións

Tamén son importantes as fundacións, os consorcios e as asociacións, elementos a través dos que a sociedade civil intervéñen no campo do patrimonio

Unha fundación defínese actualmente como unha entidade de carácter público ou privado, constituída por varias persoas físicas ou xurídicas que destinan un conxunto de bens a unha necesidade de interese xeral, que ha de estar sempre formulada con claridade e que non pode beneficiar a persoas particulares. Iso significa que se trata de entidades que non teñen animo de lucro

A historia deste tipo de iniciativas está vinculada, dende o século XIX, á beneficencia, aínda que na actualidade, se atopan vinculadas a bancos, empresas e formalizan importantes proxectos culturais. En España os estímulos para a creación de fundacións foron escasos ao longo de todo o século XX, hasta o 1994, en que se aproba a primeira lei de fundacións na que se crean incentivos fiscais que favorecen a participación privada.

As fundacións son institucións sen animo de lucro, o mesmo que o estado, pero como as funcións, moitas veces, non están delimitadas, funcionan en ocasións igual que o estado, polo que poden suplir as actuacións estatais

Desde o punto de vista administrativo, funcionan cun órgano de goberno (padroado), formado pola empresa patrocinadora e por quen ela designe (o máis habitual é que o padroado estea composto por persoas de certa relevancia que exercerán un cargo case sempre de forma vitalicia). Os patróns da fundación réxense mediante unhas normas, (os estatutos) que quedan fixadas no acto de constitución das mesmas.

Exemplo de fundación a de Caja Madrid (<http://www.fundacioncajamadrid.es/>)

Os consorcios son organismos públicos privados ou mixtos, que se constitúen para xestionar proxectos de finalidades públicas, os máis destacados no ámbito da cultura son os que se dedican a xestionar as cidades de carácter monumental, xa que serven como instrumentos de coordinación de esforzos entre as diferentes administracións encargadas de velar por elas.

Como unidade de xestión caracterízase pola súa flexibilidade, e a proliferación dos últimos anos vén motivada polo feito de que a lexislación española favorece o seu desenvolvemento. O seu obxectivo principal é axuntar esforzos, traballar baixo un mesmo programa: a coordinación das institucións e empresas interesadas e con competencias na materia que se trate

Como exemplo de consorcio, pódese mencionar o da Cidade de Santiago de Compostela

As asociacións son outras institucións que permiten ás persoas reunirse para colaborar na consecución de fins de interese xeral. A súa existencia está ligada aos intereses da sociedade, polo que se constitúen en reflexo do seu pensamento ou ideas. En xeral existen moi poucas asociacións relacionadas co Patrimonio cultural (favorecer a investigación, recuperar restos ...)

Seguindo a Albert existen dous tipos principais, as que colaboran cos principios ou iniciativas das administracións, e, por outro, aquelas cunha tipoloxía de carácter reivindicativo ou de protesta

As asociacións poden ter ámbitos territoriais distintos (municipais, comarcais, autonómicas ou nacionais), pero, seguindo a lexislación, todas elas teñen unha estrutura básica: unha asemblea xeral, composta por todos os membros asociados que debe de reunirse polo menos unha vez ao ano, un órgano de xestión, composto por presidente, secretario, tesoureiro e vogais

Un exemplo de asociación no campo do Patrimonio cultural, que no campo da xestión cultural (dedicadas a toda clase de manifestacións culturais) é Hispania Nostra.

### 3. Os institutos e centros de investigación

Xunto con estas organizacións internacionais débese mencionar tamén os laboratorios, institutos ou centros de restauración, que moitas veces nacen dependendo dos grandes museos (o que explica a súa preocupación pola conservación e restauración) ou de forma independente, centros que nos levan a facer referencia ás achegas das Cartas do restauro italianas.

Son organismos e institucións que tratan de definir e unificar criterios de intervención que sexan necesarios realizar nos monumentos, así como de expoñer as liñas fundamentais do que ha de ser a formación dos profesionais.

Dentro dos relacionados cós museos destacan: o laboratorio científico creado en 1888 no Staatlichen Museen de Berlin, o laboratorio do British Museum de Londres en 1919, o Museo de Louvre, o Fogg Museum da Universidade de Harvard en 1925, o do Museum de Fine Arts de Boston de 1927, o do Metropolitan Museum de Nova York de 1930, ou o da National Gallery de 1931.

Entre as iniciativas independentes destaca o Instituto centrale do resaturo de Roma (1939), do que foi director Cesar Brandi quen se rodeo dun equipo de restauradores encargados da formación de novos profesionais. Entre as súas actuacións destaca a conservación de moitos dos frescos que sufrirán danos na Segunda Guerra Mundial. Froito do labor de difusión será a publicación a partir de 1950 do Bolletino dell'Istituto Centrale do restauro, que lle permitirá a Brandi definir as súas teorías.

Outras institucións destacadas en Italia serán o Opificio delle Pietre dure, creado en Florencia en 1978, o Botticino ou Scuola per a Velorazioni dei Beni Culturali, de 1974 e o Istituto per l'Arte e il Restauro, palazzo Spinelli de Florencia, 1977. Igualmente sinalar tamén outro tipo de organizacións como a Interpol, as Royals Commissions on the Ancient and Historical Monuments.

No caso de España as institucións vinculadas coa defensa do Patrimonio posúen unha longa tradición histórica.

- Real Academia de BB AA de San Fernando e Real Academia da Historia, creadas no século XVIII, a partir de 1900, convértense en Organismos asesores do Ministerio de Instrucción Publica e Belas Artes (12 de abril de 1900)

- Comisión Central de Monumentos e Comisión Provinciais (Orde de 13 de xuño de 1844), creadas con obxecto de elaborar o catálogo da riqueza artística nacional.
- Xunta de Incautación e protección do Tesouro artístico, creada por Decreto do Goberno da República, o Servizo de Defensa do patrimonio artístico nacional, creado en 1938, e o Servizo Nacional de rexións Devastadas e Reparacións. Son as institucións que xorden como consecuencia da Guerra civil.
- O Instituto de Patrimonio Histórico español, Creado en 1961 baixo o nome de Instituto de Restauración e Conservación de Obras e Obxectos de Arte, Arqueoloxía e Etnoloxía, dependente da Dirección Xeral de BBAA. En 1971 cámbiase o seu nome, polo de Instituto de Conservación e Restauración de Obras de Arte (ICROA) ata que pasou a denominarse Instituto de Conservación e Restauración de Bens Culturais (1985), hasta que polo decreto 1887/1996, de 2 de agosto, pasa a denominarse deste xeito.

Este centro ten as seguintes funcións:

- Elaboración e execución de plans de conservación e restauración dos bens inmoables e medidas de cooperación con outras administracións para o seguimento dos mesmos
- Elaboración e execución de plans de conservación e restauración dos bens móbiles e dos fondos documentais e bibliográfico
- Arquivo e sistematización dos traballos por medio da creación dun arquivo documental (criterios, métodos e técnicas de conservación) formación de profesionais ....

A estas institucións hai que engadir o Consello de Patrimonio Histórico e os restantes organismos vinculados ao Goberno e ás diferentes comunidades autónomas, entre as que destaca a do Instituto andaluz de Patrimonio Histórico

## ACTIVIDADES PROPOSTAS

---


### Práctica 1.

Traballo en pequeno grupo sobre o papel das institucións no campo da protección patrimonial, e a súa actuación no rescate dos diversos bens patrimoniais, no que se valore o papel xogado polas diferentes institucións. Para iso reflexionárase cos seguintes materiais:

- Documental “Las cajas españolas. Historia del salvamento del tesoro artístico español en la Guerra civil” dirixido por Alberto Porlan. 2004
- “Salvad los tesoros de Nubia”, *Correo de la UNESCO*, ano XIII, febreiro de 1960; “Abu Simbel. Ahora o nunca””, *Correo de la UNESCO*, ano XIV, outubro de 1961; “Victoria en Nubia”, *Correo de la UNESCO*, ano XVII, decembro de 1964
- <http://www.international.icomos.org/risk/index.html>. Lista de patrimonio en perigo.

## Práctica 2.

Traballo individual no que os alumnos realicen unha procura de cinco institucións relacionadas co campo do patrimonio cultural e cubran de cada unha delas as súas correspondentes entradas na base de datos deseñada pola profesora no campus virtual da USC. Os campos a encher de forma obrigatoria son: Nome da Institución, tipo de institución, dirección web, actividades da institución, funcións da institución, actividades en relación co patrimonio cultural



Desta forma todo o grupo clase, acorde ás directrices dadas pola profesora, realizará unha base de datos sobre as institucións patrimoniais e as posibles as súas actuacións na protección do patrimonio cultural.

## AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

A avaliación da aprendizaxe debe de comprender tanto o proceso como o resultado obtido. O rendemento dos estudantes, para esta unidade, do mesmo xeito que sucede nas restantes desta mesma materia, depende de dous factores: por unha banda, o esforzo realizado polo estudante e, por outro, a súa capacidade de traballo e de aplicación de conceptos teóricos á realidade práctica. O exame ou proba final da materia, que si é un mecanismo que serve para a avaliación dos conceptos, é o instrumento de avaliación do resultado pero non permite avaliar na súa integridade o proceso de aprendizaxe seguido. Neste procedemento, a través dos créditos ECTS, axústase máis que a unha única proba a un sistema de avaliación continua que debe de contribuír decididamente a estimular ao alumnado á vez que a involucrarse na súa formación

En función deste criterio, a avaliación levarase a cabo tanto na materia como nesta unidade por medio da combinación da avaliación continua, que terá un peso dun 60% da cualificación final e dunha proba final de carácter teórico práctico, que contará cunha porcentaxe dun 40%. Na avaliación continua terase en conta a implicación do alumnado na realización das actividades propostas, á vez que o traballo, tanto autónomo como en grupo que os estudantes desenvolvan para resolver os exercicios prácticos propostos polo profesor, o que determinará o grao de comprensión dos conceptos e a súa capacidade para aplicarlos á solución de problemas e cuestións de carácter práctico.

Porcentaxe	Instrumento	Criterios	Aspectos
40%	Proba final	Dominio de coñecementos	Conceptuais
		Claridade do discurso	
		Capacidade de elaboración do discurso	
60%	Traballos en grupo Traballos individuais	Estrutura	Realización de actividades Participación activa
		Contidos	
		Elaboración formal	
		Presentacións	

Mais en detalle esta unidade será avaliada seguindo as seguintes directrices:

**Contidos conceptuais:** avaliarase de forma conxunta co resto de unidades didácticas na proba final, na que se propoñerán unha serie de preguntas ás que o alumno deberá de responder

**Contidos prácticos:**

**Práctica nº. 1.**

Desenvolverase en grupos de cinco alumnos como máximo; os alumnos deberán de entregar unha copia do mesmo en papel, copia no que se valorará a estrutura, os contidos, a elaboración formal (boa presentación, redacción e aparello crítico citado con corrección). Esta nota complementarase coa obtida pola presentación do traballo efectuada ante o gran grupo clase (no que se valorará especialmente o discurso expositivo, a presentación, e o desenvolvemento dos alumnos á hora de resolver dúbidas dos seus compañeiros)

**Práctica nº. 2.**

Consistirá en que de xeito individual os alumnos, trala procura tanto na web como nos espazos comentados pola profesora, realicen un pequeno labor que permita cubrir os diferentes campos da base de datos proposta. Nesta valorarase especialmente o esforzo de procura das institucións, a análise da capacidade de síntese da información, o tratamento da información, así como a capacidade do alumno para diferenciar as institucións por importancia.

**BIBLIOGRAFÍA**

---

- BALLART, J. y TRESSERRAS, J.J., *Gestión del patrimonio cultural*. Barcelona, Ariel Patrimonio, 2001
- BALLART, J., *El patrimonio histórico y arqueológico: valor y uso*. Barcelona, 2006
- CASTILLO OREJA, M.A. (ed.), *Centros históricos y conservación del patrimonio*. Madrid, 1998
- FERNANDEZ ARENAS, J., *Introducción a la conservación del patrimonio y a las técnicas artísticas*, Barcelona, 1996
- GONZÁLEZ VARAS, I., *Conservación de bienes culturales. Teoría, historia, principios y normas*. Madrid, Manuales de Arte Cátedra, 2000
- HERNÁNDEZ HERNÁNDEZ, Fr., *El patrimonio cultural: la memoria recuperada*. Madrid. Ediciones Trea. 2002.
- LOPEZ TRUJILLO, M., *La lucha por los bienes culturales españoles (1500-1939)*. Trea, Asturias, 2006
- MACARRÓN MIGUEL, A.M<sup>a</sup>., GONZÁLEZ MOZO, A.: *La conservación y restauración en el siglo XX*. Madrid, Tecnos. 1998.
- MACARRÓN MIGUEL, A.M<sup>a</sup>., *Historia de la conservación y la restauración. Desde la antigüedad hasta finales del siglo XIX*. Madrid, Tecnos. 1995
- MONTERROSO MONTERO, J.M., *Conservación y Protección del Patrimonio. Principios teóricos*. Santiago de Compostela. 2000.
- MORALES, A.J., *Patrimonio Histórico artístico. Historia 16*. Madrid, 1996
- MORENO DE BARREDA, F. (dir), *El patrimonio cultural en el Consejo de Europa: textos, conceptos y concordancias*, Madrid, 1999
- MUÑOZ COSME, A., *La conservación del Patrimonio Arquitectónico Español*. Ministerio de Cultura. Instituto de Conservación y Restauración de Bienes Culturales. Madrid 1989
- PETSCHEN, S., *Europa, Iglesia y Patrimonio Cultural*, Madrid, 1996
- PRADA BENGOA, J.I. de: "La protección del patrimonio cultural de la Humanidad", *Boletín del Instituto andaluz de Patrimonio Histórico*, 17 (1996)
- QUEROL, M.A., *Manual de Gestión del Patrimonio Cultural*, Madrid, 2010
- SANZ DE LARA, J.A., *Valoración económica del Patrimonio Cultural*, Gijón, 2004
- TUGORES TRUYOL, F., PLANAS, R., *Introducción al patrimonio cultural*, Trea, Gijón, 2006.
- VV.AA., *Diccionario técnico Akal de conservación y restauración de bienes culturales*, Akal, Madrid, 2003.

**Citas de recursos en internet**

UNESCO: [www.unesco.org](http://www.unesco.org)

Convención del Patrimonio Mundial: [www.unesco.org/whc](http://www.unesco.org/whc)

ICOM. Consejo internacional de Museos. <http://icom.museum/L/1/>

ICCROM. International Centre for the study of preservation and restaoaration of cultural property. [www.iccrom.org](http://www.iccrom.org)

**CONSEJO DE EUROPA**

Patrimonio cultural y natural: [www.coe.int](http://www.coe.int)

RED EUROPEA DEL PATRIMONIO (HEREIN). [www.european-heritage.net](http://www.european-heritage.net)

EUROPA NOSTRA.- [www.europanostra.org](http://www.europanostra.org)

**ESPAÑA**

MINISTERIO DE CULTURA. PATRIMONIO HISTÓRICO. Protección del Patrimonio. Bases de datos de Bienes Culturales Protegidos

<http://www.mcu.es/patrimonio/CE/BienesCulturales.html>

Ciudades patrimonio de la Humanidad. [www.ciudadespatrimonio.org](http://www.ciudadespatrimonio.org)

Hispania Nostra. [www.hispanianostra.es](http://www.hispanianostra.es)

AIP. Asociación para la interpretación del patrimonio. [www.interpretaciondelpatrimonio.com](http://www.interpretaciondelpatrimonio.com)





Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA